



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE  
**FENE**

O Pazo 13-15 e 23-25 • 15528 Fene • A Coruña  
Tíf. 881 93 82 80 • ies.fene@edu.xunta.es  
881 93 82 60 • [www.edu.xunta.gal/centros/iesfene](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesfene)



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

# RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## CURSO 2021 – 2022

**CENTRO:** IES FENE

**CURSO:** 1º BACH

**MATERIA:** INGLÉS

**DEPARTAMENTO:** INGLÉS

# 1. Estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
<p>PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volumen da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p>	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <p>-Expresión do tempo ( present simple, continuous and perfect; past simple, continuous and perfect; future tenses; expresións de tempo: for, since, yet, already, ago, while, when, as soon as, etc)</p>
<p>PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).</p>	<p>-Expresión da habilidade, da obriga e da prohibición; expresar consellos.</p> <p>-Uso do xerundio e do infinitivo</p>
<p>PLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para Comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.</p>	<p>-Cláusulas de relativo</p> <p>-Grados do adxectivo</p> <p>-Expresión de cantidades indefinidas: too, too much, too many, enough, etc.</p>
<p>PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, una presentación sobre a organización da universidade noutros países).</p>	<p>Adxectivos con preposición: tired of, good at, etc.</p> <p>-Conectores básicos: although, as a result, so, what's more, etc</p> <p>-MAKE/ DO</p>
<p>PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese.</p>	<p>-Estructuras básicas de condicionales</p> <p>-Estructuras básicas en voz pasiva</p>
<p>PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.</p>	
<p>PLEB1.7. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.</p>	
<p>PLEB1.8. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algún detalles.</p>	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 2: Producción de textos orais: expresión e interacción</b>	
PLEB.2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solución posibles de problemas ou cuestión prácticas; expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos.	<i>Os mínimos do curso anterior máis:</i> -Expresión do tempo ( present simple, continuous and perfect; past simple, continuous and perfect; future tenses; expresións de tempo: for, since, yet, already, ago, while, when, as soon as,etc) -Expresión da abidade, da obriga e da prohibición; expresar consellos.
PLEB.2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.	-Uso do xerundio e do infinitivo  -Cláusulas de relativo  -Grados do adxectivo
PLEB.2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción.	-Expresión de cantidades indefinidas: too, too much, too many, enough, etc.
PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.	Adxectivos con preposición: tired of, good at, etc.  -Conectores básicos: although, as a result, so, what's more, etc
PLEB.2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.	-MAKE/ DO -Estructuras básicas de condicionales  -Estructuras básicas en voz pasiva
PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.	
PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.	
PLEB.2.8. Cooperar na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</b>	
PLEB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresión do tempo ( present simple, continuous and perfect; past simple, continuous and perfect; future tenses; expresións de tempo: for, since, yet, already, ago, while, when, as soon as,etc)</li> </ul>
PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresión da habilidade, da obriga e da prohibición; expresar consellos.</li> <li>-Uso do xerundio e do infinitivo</li> </ul>
PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Cláusulas de relativo</li> <li>-Grados do adxectivo</li> <li>-Expresión de cantidades indefinidas: too, too much, too many, enough, etc.</li> </ul>
PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as sección difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).	<p>Adxectivos con preposición: tired of, good at, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Conectores básicos:although,as a result, so, what's more, etc</li> <li>-MAKE/ DO</li> </ul>
PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Estructuras básicas de condicionales</li> <li>-Estructuras básicas en voz pasiva</li> </ul>
PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).	
PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.	
PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción</b>	
<p>PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante una viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.</p>	<p><i>Os mínimos do curso anterior máis:</i></p> <p>-Expresión do tempo ( present simple, continuous and perfect; past simple, continuous and perfect; future tenses; expresións de tempo: for, since, yet, already, ago, while, when, as soon as,etc)</p>
<p>PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)</p>	<p>-Expresión da habilidade, da obriga e da prohibición; expresar consellos.</p> <p>-Uso do xerundio e do infinitivo</p>
<p>PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unas prácticas en empresas).</p>	<p>-Cláusulas de relativo</p> <p>-Grados do adxectivo</p>
<p>PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.</p>	<p>-Expresión de cantidades indefinidas: too, too much, too many, enough, etc.</p> <p>Adxectivos con preposición: tired of, good at, etc.</p>
<p>PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p>	<p>-Conectores básicos:although,as a result, so, what's more, etc</p> <p>-MAKE/ DO</p>
<p>PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinión sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.</p>	<p>-Estructuras básicas de condicionales</p> <p>-Estructuras básicas en voz pasiva</p>
<p>PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.</p>	
<p>PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou rivadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.</p>	

Estándar de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural</b>	
PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.	<i>Os mínimos do curso anterior máis:</i> -Expresión do tempo ( present simple, continuous and perfect; past simple, continuous and perfect; future tenses; expresións de tempo: for, since, yet, already, ago, while, when, as soon as,etc)
PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizarlas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	-Expresión da habilidade, da obriga e da prohibición; expresar consellos.
PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situación de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.	-Uso do xerundio e do infinitivo  -Cláusulas de relativo  -Grados do adxectivo  -Expresión de cantidades indefinidas: too, too much, too many, enough, etc.
PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.	Adxectivos con preposición: tired of, good at, etc.
PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos, xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferen intes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.	-Conectores básicos:although,as a result, so, what's more, etc  -MAKE/ DO
PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.	-Estructuras básicas de condicionales  -Estructuras básicas en voz pasiva
PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.	
PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).	
PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	

## A-PROGRAMACIÓN PRESENCIAL

As cualificacións basearanse nas seguintes porcentaxes que poderán reaxustarse tendo en conta os niveis dos alumnos e as circunstancias educativas.

<b>BLOQUE MORFOSINTÁCTICO</b> (Gramática e Vocabulario)	<b>30% e 10%</b>
<b>COMPRESIÓN ORAL</b> (Listening)	<b>10%</b>
<b>EXPRESIÓN ORAL</b> (Speaking) *Se non hai tempo para o Speaking o 10% repartirase entre as outras destrezas.	<b>10%</b>
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b> (Reading)	<b>10%</b>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b> (writing e/ou exercicio conectores)	<b>20%</b> 100 palabras
<b>TRABALLO NA AULA E NA CASA</b>	<b>10%</b>

**CONTIDOS MÍNIMOS:** un 20% en cada destreza; a non realización dalgunha das probas mencionadas suporá o suspenso do exame.

**REDONDEO:** se poderá redondear á alza sempre que teñan feito un 80% dos traballos, e o redondeo farase a partir do 0,8 (así: un 5´8 poderá ser un 6). **Para aprobar** non se poderá redondear con menos dun 4´8, tendo sempre en conta que o aprobado é un 5. \*En ocasións extraordinarias, como en tempos de suspensión de clases por unha pandemia, só se redondeará a nota na 3eira avaliación.

### **Outras observacións:**

- A nota da avaliación final poderá ser superior á da 3eira avaliación.
- Non se poderá facer exames para subir nota.
- Aqueles alumnos que non veñan a facer un exame deberán traer xustificante oficial (médico, DNI...)
- Se algún alumno copia en calquera das partes terá un 0 sen poder repetir o exame, a non ser que sexa o exame de recuperación de xuño.
- Poderase restar un 0,5 en calquera chamada de atención que se teña que facer nun exame.
- O alumnado coñecerá de antemán os contidos a avaliar

**CRITERIOS DE RECUPERACIÓN** Ao ter a materia de inglés un sistema de avaliación continua (os contidos da materia poden aparecer en calquera momento ao longo do curso, tanto se o/a alumno/a xa aprobou ou se suspendeu avaliacións anteriores), o alumnado non terá un “exame de recuperación” senón que a recuperación de coñecementos se realizará na seguinte avaliación. Cada avaliación ordinaria recupera por si mesma a anterior, sempre tendo en conta a evolución e progreso global do/a alumno/a. Haberá recuperación final só para os suspensos, será baixo o criterio do profesor, sopesando os elementos educativos que ten reflexado ao longo do trimestre/s, podéndoa facer por partes, sempre que non teña máis de dúas partes suspensas e optando tan só ao 5 como máxima nota.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE XUÑO**

Aqueles alumnos que non acadaron os mínimos esixidos na convocatoria ordinaria, serán avaliados na convocatoria extraordinaria como segue pero os % poderan variar según o nivel do alumnado e as circunstancias educativas:

<b>E MORFOSINTÁCTICO</b> (Grammar + Vocabulary)	<b>0%</b>
<b>EXPRESIÓN ESCRITA</b> (Writing)	<b>20%</b> 100 palabras
<b>COMPRESIÓN ESCRITA</b> (Reading)	<b>20 %</b>

**Contidos mínimos:** un 30% en cada destreza. A non realización dalgunha das probas mencionadas suporá o suspenso do exame. O alumnado coñecerá de antemán os contidos a avaliar.

- Se se lles dese aos rapaces un dossier de tarefas, só se terá en conta para redondear a nota sempre que este sexa entregado o día da proba.
- Os criterios de avaliación serán a nota obtida polo exame e como mínimo teñen que ter un 4,6 para poder redondear, e a non realización dalgunha das probas mencionadas suporá o suspenso do exame.

## **B- PROGRAMACIÓN SEMI- PRESENCIAL**

Poderíanse dar dous supostos nunha situación de semi-presencialidade, cando nunha mesma clase habería alternancia de asistencia dos alumnos:

1) O primeiro suposto sería que unha metade asiste a clase durante unha semana ou dúas semanas e mentres a outra permanece en casa seguindo en streaming as clases presenciais ao mesmo tempo que os seus compañeiros que están nese momento na clase, sempre e cando a tecnoloxía, internet do IES o permita e tódolos rapaces teñan tamén as condición tecnolóxicas axeitadas para esta opción.

Neste caso a situación en relación coa programación presencial **os criterios de cualificación** non variarían moito, posto que todos os rapaces están a seguir as clases de xeito normal, aínda que si habería que alixeirar os dous primeiros bloques (traballaríanse bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción.)

2) No segundo suposto, sería que unha metade asistise a clase unha semana e nese período darase toda a información teórica necesaria e as tarefas a facer en relación a ese punto do contido explicado en clase, e que logo deberan facer na semana que queden na casa; mentres a segunda metade estará en casa facen as tarefas encomendadas na semana do súa quenda presencial na aula. O grupo de alumnos que está nasa facendo as tarefas debe ser monitorizado e seguido pola súa profesora a través da Aula Virtual ou Google classroom e tamén a familia debe ser sempre sabedora das tarefas e o traballo a realizar na casa durante a semana que teñen que ficar na casa.

Tampouco neste caso a situación en relación coa programación presencial **os criterios de cualificación** non variarían moito, posto que todos os rapaces están a seguir as clases de xeito normal pero estruturado de forma diferente, pero tamén habería que alixeirar os dous primeiros bloques (traballaríanse bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción.)

## **C- PROGAMACIÓN NON PRESENCIAL**

A) Temporalización: dependerá de cando sexa o confinamento

B) Contidos: traballaríanse sobre todo os contidos do bloque 3 comprensión de textos escritos, do bloque 4 produción de textos escritos: expresión e interacción e do bloque 5 coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural; e deixaríanse apartados o bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción. Repasaríanse e reforzaríanse os contidos das avaliacións anteriores.

C) Estándares de aprendizaxe: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos de avaliación e instrumentos de avaliación.

D) AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

**Dependendo de cando sexa o confinamento e canto poda durar, é moi complicado establecer uns criterios de avaliación e cualificación. Polo tanto faríanse as modificacións oportunas cando a situación o requira.**

Pero teriamos en conta:



<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo e participación na aula e as tarefas da casa anterior ao confinamento.</li> <li>- O traballo realizado polos alumnos durante no período do confinamento (de revisión, extensión e novos contidos). Traballo corrixido pola profesora ou auto corrección coa axuda dun solucionario e posta en común dos erros e dúbidas que poidan ter a través de videoconferencia o intercambio de mensaxes por correo electrónico ou whatsapp coa profesora. No caso de que os as tarefas estean con moitos erros os alumnos teñen que volver a facelas.</li> <li>-Non se terán en conta os exercicios copiados nin os entregados fora de prazo</li> </ul>
	<p><u>Instrumentos:</u> exercicios de gramática e vocabulario, textos con preguntas e redaccións mediante plataformas online e emails.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Avaliarase traballo e participación na aula e as tarefas da casa anterior ao confinamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-as notas das avaliación/ <b>anterior/es</b> se as houbera</li> <li>- as tarefas entregadas durante o confinamento, as tarefas e sempre entregadas no prazo indicado e avaliadas positivamente.</li> <li>-Todas as tarefas teñen que estar ben presentadas: lexibles, numeradas e ordenadas, e teñen que indicar o nome do alumno e curso do alumno que as manda.</li> </ul>
<b>Setembro</b>	<p>-Se hai <u>exame</u> (só se examinarán os contidos dados de forma presencial) os criterios de avaliación serán a nota obtida pola proba específica, e os exercicios de reforzo só valerán para redondear a nota.</p> <p>BLOQUE MORFOSINTÁCTICO (Grammar + Vocabulary): 40% + 20%</p> <p>EXPRESIÓN ESCRITA (Writing): 20%</p> <p>COMPRESIÓN ESCRITA (Reading): 20%</p> <p>-Se <u>non hai exame</u> valorarase a entrega do 100% dos traballos de reforzo que se lles pida, sempre entregados dentro do prazo e avaliados positivamente.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación: Criterios de avaliación: comprender ideas principais de textos de temática diferente, ser capaz de redactar textos cuidando léxico e gramática, usar as redes sociais para buscar información enviar tarefas e estar en contacto coa comunidade educativa</p>
	<p>Criterios de cualificación: Criterios de cualificación: entregar o 100% das tarefas no prazo indicado e valoradas especificamente.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Procedementos e instrumentos de avaliación: a entrega de redaccións, exercicios, resumos, etc que serán corrixidos polas profesoras ou autoevaluados coa axuda das solucións.</p>